

Páxina 183. Exercicios 1 e 2.

1.

- España é plurilingüe porque nela se fala galego, castelán, catalán, éuscaro, etc.
- Galicia é bilingüe porque se fala galego e castelán.
- O castelán é oficial en todo o territorio español. En Galicia son oficiais o galego e o castelán.
- Para unha persoa galegofalante é máis doado aprender portugués que chinés, xa que son linguas máis semellantes debido á súa historia común e ao seu pasado.

2.

I: A historia da lingua galega comeza cos romanos. O territorio chamábase Gallaecia.

II: O pobo que estaba asentado neste territorio eran os castrexos. Unha avanzada cultura, as artes e avances na agricultura e no comercio.

III: O latín vulgar, é dicir, o que falaba a xente. O imperio chegaba ata o Danubio.

IV: Ao desfacerse o imperio o latín foi evolucionando de xeito distinto nos diferentes territorios e foron aparecendo as linguas románicas (galego, portugués, italiano, francés...)

V: Ao redor do ano 1200. O galego escrito empregábano os notarios e os poetas. O oral, ademais, os reis, os labregos, os señores, os abades, os soldados e os doutores.

## ELABORA O TEU RESUMO

No mundo existen **moitas linguas**. Algunhas teñen moitos falantes, outras corren o perigo **de desaparecer**.

Son linguas románicas as que **proveñen do latín**. O galego, igual ca **o portugués, o catalán, o castelán...** é tamén unha **lingua románica**.

As linguas de España son **o galego, o castelán, o catalán e o éuscaro**. Agás **o éuscaro**, todas estas linguas son románicas. O castelán, é a **lingua oficial** de todo o Estado. O galego, **o catalán e o éuscaro** son **oficiais**, xunto co **castelán**, nas súas comunidades.